

ESCOITAR O MUNDO

ORQUESTRA SINFÓNICA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 23 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DOS CÁRPATOS A ARLÉS

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Michal Nesterowicz, director

Soyoung Yoon, violín



PROGRAMA

I

WOJCIECH KILAR (1932-2013)

Orawa

FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)

Concerto para violín e orquestra en mi menor op. 64

Allegro molto appassionato

Andante - Allegretto non troppo

Allegro molto vivace

II

GEORG BIZET (1838-1875)

Carmen. Selección

Suite núm. 1

Les Toréadors

Prélude & Aragonaise

Intermezzo

Seguedille

Les Dragons d'Alcala

Suite núm. 2

Marche des Contrabandiers

Habanera

Danse Bohème

L'Arlésienne. Selección

Suite núm. 1

Prélude

Minuet


Adagietto

Suite núm. 2

Farandole

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.



ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a temporada 2023-24 é Roberto González-Monjas e Víctor Pablo Pérez o seu director honorario, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais, a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes.

Tanto para os seus concertos internacionais como para os seus programas de abono, a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria Joao Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg entre outros moitos.

Con ela cantaron Bryn Terfell, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, Mattias Goerne, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de mestres como Gutavo Dudamel, Lorin Maazel, Eliahu Inbal, Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin ou Manfred Honeck entre outros.

Na súa discografía para selos como Deutsche Gramophon, Sony, BIS, EMI, DECCA, Koch, Naïve, BMG e Arts figuran nomes como os de Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter Maag, Antonio Meneses, Iván Martín, Manuel Barrueco —con quen foi

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

proposta para o premio Grammy 2007 polo mellor álbum clásico do ano—, María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons ou Ewa Podles entre outros.

A OSG converteu a súa canle de YouTube na máis vista do sector en España e unha das máis visitadas a nivel europeo: con máis de cen mil subscritores os vídeos da OSG superan os trece millóns de visualizacións no último ano desde un total de 227 países. O éxito internacional da súa canle e as retransmisións en *streaming HD* iniciadas na temporada 14-15 supuxeron a súa proposta para o premio Classical: Next Innovation Award 2015.

A OSG foi premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010.


A OSG está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

2023

MICHAŁ NESTEROWICZ DIRECTOR

Michał Nesterowicz é moi apreciado polas súas actuacións dinámicas e elocuentes nas súas interpretacións do repertorio sinfónico. Recentemente debutou coa Orquestra do Concertgebouw de Ámsterdam, a Konzerthausorchester de Berlín, a Sinfónica de Fráncfort e a Tonkünstlerorchester. Foi gañador do Concurso Europeo de Dirección Orquestral de Cadaqués en 2008 e un dos premiados do 6º Concurso Internacional de Dirección Grzegorz Fitelborg de Katowice. Nesterowicz apareceu en varias ocasións ao fronte da Tonhalle-Orchester de Zúric, a Filharmónica de Múnic, a Filharmónica de Niza, a Sinfónica de Taiwan, a Sinfónica de Singapur e a Filharmónica de Liverpool. Tamén traballou coa WDR Sinfonieorchester Köln, Deutsches Symphonie-Orchester de Berlín, a Orquestra Gulbenkian, Filharmónica de Luxemburgo, Filharmónica de Búfalo, Filharmónica de Copenhague ou a Orchestra della Svizzera Italiana entre outras. Foi o primeiro director invitado da Orquestra Sinfónica de Basel (2016-2020), e director principal da Orquestra Sinfónica de Tenerife (2012-2016), director artístico da Orquestra Sinfónica de Chile (2008-2012) e director

artístico da Filharmónica de Gdansk (2004-2008). En 2022/23 Nesterowicz debuta coa Orquestra Sinfónica de Taipei e volve á Orquestra Sinfónica da Radio de Frankfurt, Orquestra Sinfónica de Aarhus, Sinfónica do Pacífico ademais da Filharmónica de Varsovia. Outros compromisos importantes inclúen concertos coa Filharmónica de Stuttgart, Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Trondheim, Orquestra Nacional da Radio Polaca, Filharmónica Turku, Residentie Orkest the Hague, Phion Orchestra, Gdańsk Philharmonic e Szczecin Philharmonic. Nesterowicz abriu a temporada 2021/2022 coa Sinfónica de Oulu, que seguiu co seu debut en Xapón coa Orquestra Sinfónica de Kioto. Outros compromisos da temporada foron as actuacións coa Sinfónica de Gävle, a Orquestra Haydn de Bolzano e a Filharmónica de Silesia cun programa de temática polaca con obras de Fitelberg e Karłowicz. Outros compromisos importantes inclúen concertos coa Musikalische Akademie Mannheim, a Filharmónica de Varsovia, a Ópera de Malmö, a Sinfónica de la Región de Murcia e a Sinfónica de Aarhus.



ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

SOYOUNG YOON

VIOLÍN

Soyoung Yoon foi eloxiada polas súas actuacións “*meticulosa... altamente disciplinada*” (Gramophone) cuxa “*perfección técnica... sempre se pon ao servizo da música*” (The Guardian). Gañadora de importantes concursos, incluídos os de violín Yehudi Menuhin (primeiro premio), Henryk Wieniawski (primeiro premio) e Indianápolis (medalla de prata), Soyoung gañou o respecto dos seus compañeiros tanto como violinista como músico de cámara. Soyoung ten cada vez máis compromisos a nivel internacional, tendo actuado como solista con varias orquestras importantes incluídas a Sinfónica Nacional Checa, a Filharmónica de Praga, a Orquesta Sinfónica de Bilbao, a Deutsche Kammerphilharmonie de Bremen, a NDR Elbphilharmonie, a Orquesta Nacional Rusa, a Royal Philharmonic Orchestra, Orquesta de Cámara de Xenebra, Orquesta Nacional de Bélxica, Sinfónica da Radio Nacional de Polonia, Sinfónica de Berna, Sinfónica de Trondheim, Solistas de Trondheim e Orquesta de Cámara de Zúric. A súa crecente lista de colaboradores inclúe a Krzysztof Penderecki, Ivor Bolton, Krzysztof Urbanski, Muhai Tang, Maxim Vengerov, Eiji Oue e Michal Nesterowicz. Na

primavera de 2021, Soyoung formou parte do xurado no concurso de Menuhin en Richmond, Virxinia, e actuou no concerto de abertura. Soyoung colabora con frecuencia coa Orquesta de Cámara de Corea, tendo gravado con ela as *Cuatro Estaciones* de Piazzolla e o *Concerto para violín e piano* de Mendelssohn-Bartholdy, realizando xiras por Asia, Europa e Norteamérica. Xunto con Veit Hertenstein e Benjamin Gregor-Smith, fundou ORION String Trio en 2012, gañando o primeiro premio e o premio do público no Concurso de Música de Cámara Migros Kulturprozent de 2016 en Zúric, e tendo actuado en lugares como o Wigmore Hall de Londres, Zurich Tonhalle, Stuttgart, Edimburgo, Belfast e Manchester. Con sede entre Barcelona e Seúl, Soyoung estudiou na Universidade Nacional das Artes de Corea do Sur, con Zakhar Bron na Universidade de Música e Danza de Colonia e na Universidade das Artes de Zúric. Toca o violín J. B. Guadagnini (ex-Bückeburg) fabricado en Turín en 1773.

Un dos grandes compositores sinfónicos polacos do século XX, Wojciech Kilar, foi alumno de piano de Władysława Markiewiczówna e de composición con Bolesław Szabelski na Escola Superior de Música de Katowice e, cunha bolsa do goberno francés, estudou con Nadia Boulanger en París. Ten sido recoñecido con relevantes galardóns como o Lili Boulanger Memorial Fund Award de Boston, o Jurzykowski Foundation Award de Nova York, ademais dos premios do Ministerio de Cultura en 1967, 1975 e 1976, o premio da Unión de Compositores do seu país en 1975, o premio á música do filme *Drácula* de Coppola en 1992 ou o recoñecemento de público e crítica das multipremiadas *O pianista* ou *A morte e a doncela* de Roman Polanski. Kilar pertence á xeración de compositores que debutaron nos anos 50 e 60 e xunto a Górecki, Penderecki e outros anteriores como Schaeffer e Szalonek, presentando as súas primeiras obras de vangarda no primeiro Festival de Outono de Varsovia en 1956. Estes novidosos traballos mantiveron a predilección do autor polo simple, polas estruturas expresivas e pola súa fascinación pola música folclórica das terras altas do seu país. E nese

camiño xorde *Orawa*, unha peza clave xunto á música de cinema de Kilar, que se converteu nunha especie de encomio do folclore dos montañeses que foi estímulo inesgotable dos compositores polacos. Inspirada nos mitos dos Montes Tatras, as cumes máis altas dos Cárpatos, das que o compositor era un apaixonado, *Orawa* foi escrita en 1986 e representa a forza e a natureza das bandas tradicionais da zona de xeito que a orquestra actúa como un altofalante da formación orixinal, formada por violíns e metal. A peza é parte dun tríptico (*Orawa*, *Kościelec* e *Gray Mist*) que pinta un cadro musical da paisaxe natural da zona. A música na partitura progresa como unha corrente de auga que transita con celeridade polas fendas entre as rochas, descubriendo heteroxéneos recunchos naturais de indómita beleza.

A música de Mendelssohn presenta como calidades determinantes a pureza, a perfección, a elegancia e o equilibrio ademais doutros elementos como un singular poder evocador, interesantes anotacións contrapuntísticas nas sinfonías para cordas da súa xuventude; boas texturas

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


polifónicas ou un exquisito manexo das grandes formas exemplificado no seu oratorio *Elías*. Precisamente, o *Concerto para violín e orquestra en mi menor* é unha das obras mestras do repertorio violinístico romántico e a última gran obra orquestral do compositor na que respecta a forma clásica e a súa delicada linguaxe orquestral característica para acadar unha peza única no seu catálogo. A creación deste concerto comeza en 1838 dada a relación de Mendelssohn co respectado violinista Ferdinand David; amizade xurdida cando o compositor chegou a ser director da Orquestra da Gewandhaus de Leipzig e nomeou a David concertino da mesma, cargo que ocupou desde 1843 ata o seu falecemento en 1873. Durante ese tempo tamén foi profesor no Conservatorio da cidade e colaborou estreitamente na composición do *Concerto op. 64*, de xeito que moitos dos acertos instrumentais da obra débense a el. A partitura está dividida nos tres movementos do concerto clásico; así por exemplo no *Allegro* inicial, con estrutura de sonata, sobresa a entrada inmediata do violín cun apaixonado tema característico do seu estilo sinfónico, enérxico e fermoso que será repetido pola

orquestra tras un virtuosístico pasaxe de notas descendentes, no que o solista mantén un protagonismo que non mingua ao longo de toda a composición. Sen solución de continuidade, unha modulación nas mans do fagot, dá paso ao sereno *Andante*, baseado nunha estrutura de lied ternario reexpositivo, no que a modo de romanza, o violín interpreta a súa elexía. Unha parte central en dobres cordas, de tinguiduras máis dramáticas, contrasta co fragmento anterior e abre paso á repetición do tema inicial e unha coda, tras a que comeza o *Allegretto non troppo - allegro molto vivace*. Este último movemento, gracioso e rebuldeiro, é presentado por un episodio de catorce compases e abordado polo solista case todo o tempo coa técnica de arco coñecida como '*stacatto volante*', de alto virtuosismo técnico. Mendelssohn rematou o *Concerto para violín* en setembro de 1844 e foi estreado con éxito por Ferdinand David en Leipzig en marzo do ano seguinte, sen a presenza do compositor cuxa saúde xa estaba moi debilitada.

Hai obras que transcenden o seu ámbito orixinal e chegan a formar parte do acervo popular, debido

a diversos contextos entre os que probablemente teñan que ver o cine, a televisión, 'outras' músicas, etc. Probablemente da colección das *Danzas Húngaras* de Brahms baseadas maioritariamente no folclore húngaro, a *núm. 5* é a máis coñecida dadas as innumerables e, ás veces, insólitas versións realizadas. Non se pode esquecer a brillante *Polonesa* do terceiro acto da ópera *Eugene Onegin* de Chaikovski, nin movementos que rematan sinfonías como a *Do Novo Mundo* de Dvořák. Iso acontece con Bizet e as súas suites, de *Carmen* e de *L'Arlesienne*. Aínda que *Carmen* converteuse nunha das principais óperas do repertorio, na súa estrea parisiense en 1875, o público acolleuna con tal frialdade que Georges Bizet sufriu un inminente deterioro da súa saúde, falecendo tres meses despois. O máis que coñecido libreto foi escrito por Henri Meilhac e Ludovic Halévy sobre unha novela de Prosper Mérimée e desenvólvese arredor de 1820, en Sevilla, onde unha cigarreira se debate entre a liberdade e o amor cun trágico final. Carmen encarna o mito de muller fatal revestido do misterio, o exotismo e o primitivismo que caracterizaban a visión que a Europa da época tiña de España cuxo

folclore estereotipado inspiraba, no século XIX, composicións musicais que foron consideradas representativas da 'música española' relegando, ás veces, as obras dos propios compositores españois. Falla distinguiu entre os músicos franceses que miraron a España para compoñer fronte aos que sucumbían á *españolada* de dubidosa autenticidade, e os que fixeron 'música en español' iluminados polos auténticos cantos tradicionais. As suites de *Carmen* recompiladas por Ernest Guiraud -amigo do autor- cos números máis característicos da ópera, permiten ver máis nitidamente a categoría na que actúa Georges Bizet aínda que James Parakilas afirmou "*Carmen emprega todos os habituais estereotipos sobre España pero outorgándolles un claro xiro*". A primeira suite, publicada en 1882, comeza cun premonitorio *Preludio* cuxos profundos tons dos violonchelos xa amosan o drama fatalista que consolida a historia e contén o famoso entreacto titulado *Aragonesa* —unha adaptación dunha serenata da ópera *El criado fingido (1804)* de Manuel García— que recolle os aspectos propios da interpretación



ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

improvisada da música tradicional española de xeito breve e expresivo. O *Entreacto* calma a tensa atmosfera co son dunha melodiosa arpa e dunha nana interpretada pola frauta á que responde un amoroso tema do clarinete. De notorio carácter español son a *Seguidilla* (Acto I) que, a ritmo de valse, senta as bases para as liñas de canto da trompa e a trompeta para establecer un extraordinario diálogo e *Os toureiros*, cuxos primeiros acordes son suficientes para evocar a entrada dos toureiros á praza sevillana. O tema melódico principal do entreacto do acto II, *Os dragóns de Alcalá*, recae no dúo de abertura dos dous fagots e ventos e cordas crean un motivo de chamada e resposta que se filtra por toda a orquestra. A *Suite núm. 2*, que contén seis movementos (aínda que esta noite serán interpretados tres), non percorre a ópera en orde cronolóxica mais ofrece descrições dos personaxes principais. *Carmen* sempre será recoñecida pola súa *Habanera*, unha adaptación da canción *El Arreglito ou a Promesa de matrimonio* do compositor Sebastián Iradier que Bizet utilizou pensando que se trataba dunha obra anónima popular. A melodía principal da *Marcha dos contrabandistas* pasa pola sección


de cordas creando un clima cálido e suave despois da agoirenta apertura. A *Danza bohemia* —que na ópera bailan Carmen, Frasquita e Mercedes— é unha recreación efectiva e imaxinativa dunha actuación flamenca, pasando do seu *andantino* a un *prestísimo* final na que Bizet traballa coas súas propias ideas musicais dentro dos trazos idiomáticos do flamenco.

A música incidental teatral para a obra teatral homónima de Alphonse Daudet, *L'Arlésienne*, foi composta por Bizet para a estrea no Theatre du Vaudeville en 1872 e consta de 27 números (desde breves melodías ata substanciais entreactos e preludios) para voz, coro e unha pequena orquestra. A produción mantívose en cartel 21 funcións pero, a pesar diso, a fe de Bizet na calidade da súa música permaneceu inquebrantable e perseverou creando unha suite de catro movementos para ser interpretada en concertos sendo estreada nun dos que organizaba Jules Pasdeloup. Para a cidadanía parisiense de 1872, a Provenza era tan exótica como España e a trama deu a Bizet unha oportunidade para manexar cores orquestrais e melodías populares. Ambientada

2023

nesa área xeográfica, *L'Arlésienne* é a historia de dous campesiños, Fréderi, obsesionado cunha moza de Arlés, e o seu irmán, coñecido como O Inocente. A moza nunca aparece pero —insistindo no modelo da súa creación dramática máis recoñecida, *Carmen*— é unha muller fatal que non corresponde á paixón de Fréderi quen, no clímax da obra, salta ao baleiro desde unha fiestra mentres os aldeáns bailan unha farándula — unha danza popular da Provenza que, ironicamente dada a escena, bailan os recién casados—, que xunto a unha *Pastoral*, un *Intermezzo* e un *Minuetto* conforman a *Suite núm. 2*, creada tamén por Ernest Guiraud, catro anos despois da morte do compositor, dado o éxito da primeira. Esa *Suite núm. 1* comeza cun *Preludio* en tres seccións: un conxunto de variacións sobre unha marcha incluída nunha colección de música popular publicada por Vidal de Aix en 1864, a melodía que caracteriza a *O Inocente* e a música apaixonada asociada ao anhelos de Fréderi. O elegante *Minuetto* comeza cunha melodía aguda e rítmica que pasa dunha sección a outra dentro da orquestra antes de dar paso ao segundo tema para rematar co tema inicial. O *Adagietto* é un melodrama

conmovero creado para unha escena na que unha parella de anciáns, noivos na infancia, se reencontran. O sonoro e moi popular *Carillón*, que non será interpretado esta noite, pecha a suite.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 30 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

PARÍS-ROMA

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Diego Martín-Etxebarria, director

- Georges Bizet: Jeu d'enfants (Xogo de nenos)
- Germaine Tailleferre: Ballet Marchand d'oiseaux (Vendedor de paxaros)
- Georges Bizet: Sinfonía núm. 2 'Roma'

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Diego Martín-Etxebarria

Xoves 13 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

TESOUROS MUSICAIS

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora-concertino

- Carl Philipp Emanuel Bach: Sinfonía en Sol maior
- Johann David Heinichen: Sinfonía en Fa maior
- Carl Philipp Emanuel Bach: Sinfonía en Re maior
- Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm. 47 en Sol maior, Palíndroma

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Amandine Beyer



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA